

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D.^a M.^a del Carmen Torreira González

D.^a Aurora Varela Duro

D.^a M.^a Pilar Castro Vallo

D. Antonio Orois Valiño

D.^a M.^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D.^a Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D.^a Begoña Balado Conde

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

Interventora:

D.^a Olga Castro Fernández

ACTA

En Arzúa, 31 de maio de 2013.

Sendo as 18.10 horas reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 26 DE ABRIL DE 2013.-***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

*Punto 2º) **COMPROBACION DA CREDENCIAL, TOMA DE POSESION E PRESTACION DE XURAMENTO OU PROMESA DA NOVA CONCELEIRA, DONA MARÍA PILAR CASTRO VALLO.***

Dáse vista da credencial remitida ao secretario do Concello de Arzúa polo Presidente da Xunta Electoral Central, con data 9 de maio de 2013 co número 1.434 de rexistro de saída (*que foi recibida neste Concello o día 15 do mesmo mes*); a cal figura expedida a nome de dona María Pilar Castro Vallo, que aparece incluída no posto número oito da lista de candidatos, presentada polo Bloque Nacionalista Galego, ás Eleccións Locais do 22 de maio de 2011, en substitución -por renuncia- de dona Natalia Pereira Rey.

Dita credencial foi comprobada polo alcalde, observando que non había erros na súa expedición.

Deseguido, polo secretario informouse que a citada candidata formulara –con data 20 de maio de 2013- as declaracións a que se refire o artigo 75 nº 7 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a súa posterior inclusión no “Rexistro de Intereses dos membros da Corporación”:

- Unha, sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, e
- Outra, sobre os seus bens patrimoniais e participación en sociedades de todo tipo.

Tras o exposto, o alcalde procedeu a tomar xuramento a dona María Pilar Castro Vallo, como requisito previo para tomar posesión do cargo de concelleira, e segundo a fórmula establecida a través do Real Decreto 707/1979 de 5 de abril:

¿Xura ou promete, pola súa conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira, con lealtade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?

Contestando o Sra. Castro Vallo que sí prometía.

Fai uso da palabra entón o alcalde para manifestar que daba a benvida á nova concelleira, desexándolle sorte no desempeño do seu cargo.

Deseguido a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) tamén dou os seus parabens á Sra. Castro Vallo pola súa toma de posesión como concelleira do Concello, considerando que lle será máis fácil o desempeño do seu cargo por razón da experiencia política que ten, ao ser concelleira durante o mandato doutra corporación.

Finalmente entreviui o Sr. Orois Valiño (do PP) para dar os seus parabéns á Sra. Castro Vallo, e para manifestar que -aínda que sexamos adversarios políticos- trátase dunha persoa moi agradable, coa que considera que será fácil traballar e levarnos ben.

Efectuado o anterior, dita concelleira quedou integrada na Corporación Municipal a todos os efectos, quedando incorporada como integrante do grupo político do Bloque Nacionalista Gallego en substitución de dona Natalia Pereira Rey.

Punto 3º) DAR CONTA DO DECRETO DESTA ALCALDÍA, DITADO O DÍA 28 DE MAIO DE 2013, SOBRE DESIGNACIÓN DA SRA. CATRO VALLO: COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E O SEU NOMEAMENTO COMO TERCEIRA TENENTE DE ALCALDE, COMO MEMBRO DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, DEPORTES, CULTURA E BENESTAR SOCIAL E PROMOCIÓN ECONÓMICA E COMO MEMBRO DA COMISIÓN INFORMATIVA PARA OS RESTANTES ASUNTO DO PLENO E CONTROL DA XESTIÓN MUNICIPAL.

Dáse lectura de dito decreto, cuxo contido é o seguinte:

“Presentada a súa renuncia ao cargo de concelleira por dona Natalia Pereira Rey, mediante escrito de data 7 de marzo de 2013, e sendo aceptada esa renuncia polo Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 26 de abril de 2013.

Como resulta que na sesión que celebrará o Pleno do Concello o día 31 do presente mes de maio, tomará posesión do cargo de concelleira dona María Pilar Castro Vallo, en substitución da Sra. Pereira Rey, e esta concelleira substituída formaba parte -entre outros- dos seguintes órganos municipais:

- a) Xunta de Goberno Local, e por razón desa condición foi nomeada terceira tenente de alcalde.
- b) Comisión de urbanismo, deportes, cultura, benestar social e promoción económica.
- c) Comisión para os restantes asuntos do Pleno e control da xestión municipal.

Tras consulta efectuada cos outros membros do grupo político do BNG, Sra. Torreiro González e Sra. Varela Duro, así como coa Sra. Castro Vallo que quedará integrada en dito grupo cando tome posesión do seu cargo.

Tendo en conta que os Sres. Bermúdez Taboada e García Couso, tamén integrantes do mesmo grupo político, presentaron a súa renuncia ao cargo de concelleiros con data 11 de maio de 2013.

Considerando o disposto:

I) No artigo 23 nº 1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que dispón que “a Xunta de Goberno Local intégrase polo alcalde e un número de concelleiros non superior ao tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno” (*e no mesmo sentido no artigo 35 nº 1 e 2 do Regulamento Orgánico Municipal e no artigo 52 nº 1, 2 e 3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais*).

II) No artigo 23 nº 3 da mesma Lei 7/1985 que dispón que “os tenentes de alcalde son libremente designados e removidos polo alcalde, de entre os membros da Xunta de Goberno Local” (*e en sentido semellante dispónse no artigo 33 nº 1 e 3 do Regulamento Orgánico Municipal e no artigo 46 nº 1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais*).

III) No artigo 42 nº 4 do Regulamento Orgánico Municipal que dispón que “as Comisións informativas estarán integradas polos membros que designen os grupos políticos, en proporción a súa representatividade no concello, ou igual para cada grupo político aplicando o voto ponderado” (*en en sentido semellante dispónse no artigo 125 letra b) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais*).

IV) No acordo adoptado polo Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 14 de xullo de 2011, ao resolver sobre o punto 3º) apartado B) da súa Orde do día, nomeado “Creación e composición das comisións informativas permanentes”.

Esta Alcaldía **RESOLVEU**:

Primeiro.- Nomear membro da Xunta de Goberno Local a dona María Pilar Castro Vallo, polo que dito órgano pasará a quedar integrado polos seguintes concelleiros:

- Dona María del Carmen Torreiro González.
- Dona Aurora Varela Duro.
- Dona María Pilar Castro Vallo.

Segundo.- Nomear terceira tenente de alcalde a dona María Pilar Castro Vallo, que ostentará a totalidade das funcións e das facultades correspondientes á Alcaldía, incluso a de dictar resolucións, para os casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite ao alcalde para o desempeño das súas funcións; e iso para cando non poidan ostentar tales funcións e facultades a primería e a segunda tenente de alcalde.

Terceiro.- Designar a dona María Pilar Castro Vallo membro das seguintes comisións informativas: Comisión de urbanismo, deportes, cultura e benestar social e promoción económica e Comisión para os restantes asuntos do Pleno e control da xestión municipal, en substitución de dona Natalia Pereira Rey ao presentar esta a súa renuncia ao cargo de concelleira.

Cuarto.- Os nomeamentos e designacións contidos nesta resolución, a favor da Sra. Castro Vallo, surtirán efecto a partir do día seguinte a súa toma de posesión como concelleira deste Concello.

Quinto.- Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na sesión que celebrará o día 31 de maio de 2013, e dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Tras a lectura de dito decreto, adoptouse –por unanimidade dos once membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 4º) RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO, PRESENTADA POR DON LEONARDO BERMÚDEZ TABOADA E DON INACIO GARCÍA COUSO.

Dáse lectura dos escritos dirixidos ao Sr. alcalde, para o seu traslado ao Pleno do Concello, que foron presentados no Rexistro Xeral do Concello o día 11 de maio de 2013 (*rexistrados de entrada aos números 1036 e 1037, respectivamente*), por don Inacio García Couso e don Leonardo Bermúdez Taboada, concelleiros deste Concello pertencentes ao Bloque Nacionalista Galego, como consecuencia das Eleccións Locais celebradas o día 22 de maio 2011; mediante cuxos escritos expón: “*Que presentan a súa renuncia ao cargo de concelleiro, o que comunican á Corporación Municipal a efectos do disposto no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime*

Electoral Xeral, co fin de que se proceda a súa substitución mediante candidatos seguintes da lista pola que foron elixidos ”

Coñecido o informe emitido polo secretario, con data 13 de maio de 2013, no que se indica:

“I) Que a renuncia dun concelleiro ao cargo, é un dereito recoñecido polo artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

II) Que esta renuncia deberá facerse efectiva por escrito, ante o Pleno da Corporación, posto que así se dispón no artigo 9 n° 4, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

É dicir, o cese dos concelleiros que renuncian debeo acordar o Pleno; sendo tal acordo un acto de mera constación reglada; ou o que é o mesmo, o seu obxecto consiste en verificar: se se dou o suposto de feito (a renuncia) e se se produciu ou non de forma válida.

Polo que, como acto de constatación, os seus efectos xurídicos retrotraense á data da renuncia.

III) Que a xurisprudencia ven entendendo que o acordo debe ser tamén de aceptación da renuncia. Pero é evidente que, ao non ser o cargo obrigatorio, o Concello non poderá negarse a aceptar esta renuncia, sempre que se producira validamente, con constancia da vontade da renunciante.

IV) Que, unha vez adoptado o acordo aceptando a renuncia, deberá solicitarse a expedición da correspondente credencial, a favor de quen deba substituír aos renunciantes; tendo en conta para iso:

a) Que o artigo 15 n° 2, da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, dispón que o mandato das Xuntas Electorais Provinciais e das Xuntas Electorais de Zona conclúe cen días despois das eleccións.

b) Que –segundo se indica na Instrución de 19 de xullo de 1991 da Xunta Electoral Central- unha vez transcurra dito período de tempo, a expedición de credenciais aos Concelleiros, en caso de vacante, corresponderá á Xunta Electoral Central.

V) Que, en consecuencia, o acordo que debe adoptar o Pleno do Concello consistirá en:

1º) Aceptar a renuncia aos cargos de concelleiros, presentada o día 11 de maio de 2013 por don Inacio García Couso e don Leonardo Bermúdez Taboada, retrotraendo os seus efectos xurídicos a dita data.

2º) Declarar vacante os postos destes concelleiros, pois senón non poderían ser substituídos, e

3º) Pedir as credenciais dos seguintes da lista correspondente, á Xunta Electoral Central.”

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria este asunto;
Adoptándose -por unanimidade dos once membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Quedar enterados e aceptar a renuncia ao cargo de concelleiro, presentada o día 11 de maio de 2013 tanto por don Inacio García Couso como por don Leonardo Bermúdez Taboada, retrotraendo os seus efectos xurídicos a dita data.

Segundo.- Declarar vacante os dous cargos de concelleiro ocasionados con motivo desas renunciacións, aos efectos de iniciar os trámites procedentes para a súa substitución.

Terceiro.- Solicitar á Xunta Electoral Central -por transcorrer o mandato das Xuntas Electorais de Zona- a credencial dos seguintes dous candidatos, que figuran na lista electoral que o Bloque Nacionalista Galego presentou neste municipio con motivo das Eleccións Locais de 2011; debendo expedirse en consecuencia esa credencial a favor das persoas que figuraban no seguinte lugar dentro desa lista electoral.

Punto 5º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS, NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2013.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión Especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 28 de maio de 2013; no seguinte sentido:

"A Presidenta da Comisión dálle a palabra á interventora, para que explique a necesidade de tramitar este expediente:

Explica a interventora que se trata dun expediente de modificación de crédito, na modalidade de crédito extraordinario, coa finalidade de crear unha partida orzamentaria no capítulo 7 do estado de gastos do orzamento, para facer fronte á aportación que ten que efectuar o Concello, para a realización da obra obxecto do convenio á que se fixo referencia no punto anterior. A creación desta partida finánciase con baixas doutras partidas do orzamento determinadas pola alcaldía, e con 9.406,31 euros do remanente de tesourería para gastos xerais, que non se atopa afectado pola limitación do artigo 32 da Lei de estabilidade orzamentaria.

Intervén a Sra. Balado Conde (do P.S de G), para manifestar que está de acordo coa tramitación do expediente.

Intervén a Sra. Castro Pampín (do P.P), para manifestar que este expediente parece algo necesario, porque vai ligado ao Convenio anterior, pero que en principio vanse abster na votación ata o pronunciamento que se faga no Pleno.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse - por tres votos a favor - das dúas concelleiras do BNG, (Sra. Varela Duro e Sra. Torreiro González) e da concelleira do PS de G (Sra. Balado Conde) e coa abstención dos tres concelleiros do P.P. (Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez - o acordo de informar favorablemente a aprobación deste expediente de modificación de créditos, na modalidade de crédito extraordinario 1/2013.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que nunca se debeu chegar a este punto de ter que sacar cartos das partidas do orzamento do Concello, porque esta é unha infraestrutura que –polas súas dimensións- tería que pagala a Deputación.

- Que vai votar a favor porque non hai outra opción, para que se poida facer a obra de construción da ponte na estrada de Arzúa a Santiso.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que na sesión da Comisión de Contas, os tres concelleiros do grupo político do PP abstivéronse, para poder estudar as partidas que son obxecto do expediente de modificación de créditos, e visto que están ben non teñen nada que dicir e van votar a favor.

- Que nós pedimos que fose a Deputación e a Consellería do Medio Rural quen aportasen os cartos.

- Que como o Concello de Arzúa non pode manter os sete ou oito quilómetros desa estrada, nin as dúas pontes; o que habería que facer é ceder esa vía, para que sexa autonómica ou dependente da Deputación.

- Que agora, como non podemos asumir sós o custo da construción da ponte, porque a vía é municipal, teremos que dar as grazas a Deputación e a Consellería de Medio Rural.

- Que o problema era o remanente de tesourería, e ata que a normativa o permita, non se pode utilizar nin pola Deputación nin polos concellos.

- Que hai uns acordos e esperemos que os cumplan, se non os cumplan el estará ao lado do equipo de goberno para denunciálo, pero seguro que se van cumprir.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que remítese ao ditame da Comisión de Contas, e quere puntualizar que a Xunta cumpriu o seu compromiso, pero –en canto á Deputación- temos queixas respecto ao seu comportamento.

- Que si é verdade que o remanente de tesourería resultante da liquidación do orzamento municipal do pasado exercicio non se pode utilizar totalmente, pero tamén somos coñecedores de que a Deputación arbitrou un crédito para abordar necesidades

nos concellos, e dáse a circunstancia de que nese momento xa coñecían a problemática da ponte na estrada que vai de Arzúa a Santiso.

- Que espera que cumpran co seu cometido, pero de momento é unha sangría para este Concello e o de Santiso, ter que realizar unha aportación tan alta.

- Que para nós prima a necesidade de comunicación que teñen os dous concellos, e cre que hai que presionar para que non se demoren e nos dean os cartos; e nese sentido o Sr. Orois Valiño, dada a súa condición política, ten máis posibilidades de realizar xestións para conseguir este obxectivo.

- Que o concello ten que adiantar un diñeiro que tiña previsto para outras cousas, que a Deputación xa se comprometeu casi a darnos.

* Da Sra. Balado Conde (do PSde G- PSOE) para expresar:

- Que o que non é lóxico e que os Concellos teñamos que financiar á Deputación, é un pouco estrano que teñamos que adiantar os cartos os concellos e non a Deputación, porque trátase dunha cantidade alta para eses dous concellos.

- Que, no 2002, a ponte de Lema pasaralle o mesmo e a Deputación fíxose cargo pagando parte dos gastos.

- Que hai mes e medio que a Deputación Provincial aprobou un crédito para atender necesidade dos concellos, e xa eran conscientes da petición que se lles fixera desde aquí.

- Que non entende como a Deputación esta tan mal xestionada, porque tampouco supoñen tanto 70.000 euros.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que estamos de acordo no básico, e que espera que non o deixen só a el na realización desas xestións coa Deputación Provincial, pero haberá que ter en conta que hai cousas que son discutibles por razón dun principio de legalidade.

- Que o que temos que lograr é que esa estrada pase a mans da Deputación ou a mans da Xunta de Galicia, porque Arzúa non ten capacidade para manter ese tipo de vías, e aí temos que aunar forzas para logralo entre todos.

* Do alcalde para aclarar que, para facer o expediente de modificación de créditos, tratamos de utilizar aquelas partidas que acarreasen a mínima problemática para o funcionamento do Concello a moi corto prazo.

Tras todo o exposto o alcalde someteu este asunto a votación ordinaria,

Adoptándose –por unanimidade dos once membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, na modalidade de concesión de crédito extraordinario, coa finalidade de dotar de crédito por importe de 78.889,41 euros a aplicación orzamentaria 155.750.00 “Vías públicas.- Transferencias de capital á Administración da Comunidade Autónoma”; e iso, con cargo aos dous seguintes tipos de recursos:

a).- Baixas de créditos das seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA			DESCRIPCIÓN	EUROS
Clas. Por Programas	Proxecto	Econ.		
431		22799	Comercio. Traballos por empresas	10.000,00
432		60900	Turismo. Outras infraestructuras	17.200,00
339		21300	Radio Municipal. Reparación de instalacións	1.000,00
339		21200	Radio Municipal. Reparación de edificios	1.000,00
338		48000	Festexos populares. Transferencias a familias e institucións sen fin lucro	8.200,00
165		21000	Alumeado público. Reparacións e mantemento	10.000,00
134		21400	Protección civil. Reparacións de vehículos	4.000,00
134		22103	Protección civil. Combustibles	4.290,00
339		63900	Radio Municipal. Outras infraestructuras	9.942,00
912		23300	Órganos de goberno. Outras indemnizacións	3.851,10
TOTAL				69.983,10

b).- Co remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 9.406,31 euros.

Segundo.- Continuar a tramitación do referido expediente, con exposición ao público por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao disposto no artigo 177 nº 2 en relación co artigo 169 nº 1, do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que –no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón da concesión de crédito extraordinario agora aprobada, a efectos de que poida entrar en vigor.

Cuarto.- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remítase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Punto 6º) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR E OS CONCELLOS DE ARZÚA E SANTISO, PARA A RECONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE NA ESTRADA DE ARZÚA A SANTISO.

Dáse conta de dito convenio, que será asinado pola Conselleira do Medio Rural e do Mar, actuando en representación da Xunta de Galicia, e polos alcaldes dos concellos de Santiso e Arzúa, que actuarán en representación de ditos concellos; cuxo convenio xa fora sometido a estudio da Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 28 de maio de 2013, emitindo o seguinte ditame:

"Pola Presidenta da Comisión infórmase:

- *Que as choivas torrenciais acaecidas neste ano 2013 produciron arrastres e outros danos considerables, que afectaron principalmente á ponte que cruza o río Boente e da continuidade á estrada de acceso, dende o Concello de Arzúa ao de Santiso.*
- *Que o pasado 21 de febreiro tivemos unha reunión na Consellería do Medio Rural, na que estaban presentes os alcaldes e representantes dos grupos políticos de ámbolos dous concellos, coa finalidade de solucionar o problema da ponte. Nesa reunión estableceuse unha posibilidade de acordo para financiar o arranxo da devandita ponte, que consistiría na financiación a partes iguais entre a Consellería e a Deputación, asumindo o I.V.E os concellos afectados.*
- *Que o pasado 9 de abril tivemos unha reunión co Presidente da Deputación, onde a Deputación comprometeuse a pagar a metade da obra, aínda que advertindo que de momento non podían poñer os cartos.*
- *Que o día 8 de maio recibimos unha comunicación por parte da Consellería, onde se nos apremaba para que o Convenio estivese asinado este mes de maio, e así poder garantir os fondos.*
- *Que, como consecuencia desa comunicación, volvemos falar coa Deputación e dixéronnos que tiñamos que adiantar os cartos, tanto o noso concello como o de Santiso, xa que logo, houbo que repartir o importe que vai a asumir a Deputación (111.111,84 euros) entre os dous concellos, o que da un total de 55.555,92 euros, mais a metade do I.V.E que corresponde ao presuposto base de licitación, e que ascende a 23.333,49 euros; en total, 55.555,92 mais 23.333,49, fan 78.889,41 euros.*
- *Que esperamos que sexa só un adianto, e que despois a Deputación se faga cargo de devolver eses cartos.*

Intervén a Sra. Balado Conde (do P.S de G), para comentar que lle parece unha vergoña que o Concello de Arzúa, e que calquera Concello, teña que adiantar cartos á Deputación; e que fai pouco a Deputación aprobou un macrocrédito para infraestruturas, que repartiu entre distintos concellos da provincia.

Intervén a Sra. Castro Pampín (do P.P), para manifestar que a obra estase demorando moito, e que están de acordo en darlle xa para adiante canto antes.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade de todos os concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a aprobación do Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e os Concellos de Arzúa e Santiso, para a reconstrucción dunha ponte na estrada de Arzúa a Santiso."

Sendo coñecido por todos os asistentes o contido de dito convenio; de cuxas cláusulas dedúcese:

a) Que para poder realizar a contratación e execución das obras, consistentes na construción dunha ponte sobre o río Boente, na estrada de Arzúa a Santiso, redactouse un proxecto técnico polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don Pablo Blanco Ferreiro, con data abril de 2013, por un orzamento total de 268.890,66 euros, IVE incluído.

b) Que os concellos de Arzúa e Santiso deberán asumir unha aportación de 78.889,41 euros, cada un deles, na financiación total de dita obra; mentres que a Consellería do Medio Rural e do Mar asumirá os 111.111,84 euros que restan para completar o orzamento, segundo o desglose previsto na cláusula terceira do convenio, para cada unha das dúas anualidades (2013 e 2014).

c) Que a licitación, contratación, dirección e execución das obras realizarase pola Consellería do Medio Rural e do Mar, con cargo á partida 12.21.551A.6- “Ponte sobre o río Boente na estrada de Arzúa a Santiso”.

d) Que os concellos de Arzúa e Santiso asumen os compromisos previstos nas cláusulas quinta e sexta, respectivamente.

e) Que, para o impulso e cumprimento do citado convenio, constituirase unha Comisión de seguimento, formada: por un representante da Consellería do Medio Rural e do Mar, un representante do concello de Arzúa e un representante do concello de Santiso.

f) Que a Consellería do Medio Rural e do Mar limitará, en todo caso, a súa achega económica ao pactado no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se produzan por reformados ou por calquera outra causa.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións.

* Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, desde a Consellería do Medio Rural, portáronse ben en relación coa construción da ponte.

* Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que hai que felicitar a Conselleira do Medio Rural, D^a. Rosa Quintana, pola labor que fixo en pro do Concello de Arzúa, onde demostrou unha dispoñibilidade e receptabilidade fóra do común, e todos, independentemente do partido que sexamos, debemos considerar a atención prestada por dita Conselleira.

* Pola Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar que, antes de ceder a estrada a Deputación Provincial, hai que arranxar a ponte. E pide ao voceiro do grupo político do PP, Sr. Orois Valiño, que mova este asunto na Deputación.

Tras todo o exposto, e unha vez fixados os termos da votación, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos once membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o Convenio de colaboración que quedou descrito, entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e os concellos de Arzúa e Santiso, para a reconstrución dunha ponte sobre o río Boente, na estrada de Arzúa a Santiso, ratificando en consecuencia as cláusulas que contén, nos termos que figuran redactadas.

Segundo.- Adquirir este Concello o compromiso de asumir as obrigas que veñen previstas nas cláusulas do citado convenio.

Terceiro.- Designar ao alcalde don José Luis García López, para que represente a este Concello na Comisión de Seguimento, que se constituirá para levar a cabo o impulso e cumprimento do convenio, e co obxecto de realizar as funcións previstas na cláusula sétima de dito convenio.

Cuarto.- Quedar enterados do proxecto técnico, que foi elaborado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos don Pablo Blanco Ferreiro, con data abril de 2013, por un orzamento total de 268.890,66 euros (IVE incluído), para que a Consellería do Medio Rural e do Mar poida contratar e executar a obra obxecto do convenio.

Quinto.- Facultar ao Sr. alcalde para que interveña en nome e representación do Concello na sinatura do mencionado convenio, cando sexa requirido para iso.

Punto 7º) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DE EDIFICIOS, LOCAIS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 28 de maio de 2013; no seguinte sentido:

“Pola Presidenta da Comisión infórmase que se trata de organizar a utilización destes locais, que veñen sendo usados principalmente por peregrinos, e sobre todo agora que xa non vai estar o GRUMIR para poder atendelos. A finalidade é regular a xestión das reservas que efectúan os grupos de peregrinos, pero que a taxa en si mesma non varía.

Pregunta a Sra. Balado Conde (do P.S de G) se as reservas hai que pedilas con antelación.

Contesta a Presidenta da Comisión que si, e que teñen que ser grupos de mais de 25 persoas para que se lles poña a disposición o recinto.

Pregunta a Sra. Castro Pampín (do P.P) si por menos de 25 persoas non se lles abre o recinto.

Contesta a Presidenta da Comisión que non. Que a idea é non facerlle competencia aos albergues, e por eso só se ofrece esta posibilidade no verán, cando o incremento de peregrinos é tan grande que os albergues non dan absorbido toda a demanda que existe.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade de todos os concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización de locais municipais en horario nocturno."

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do alcalde para informar que esta ordenanza xa existía, unicamente se adaptou ao que os integrantes do GRUMIR estaban facendo na práctica; por exemplo, falábase dunha taxa de 3 euros, pero non se falaba de que se podía ingresar na conta que o concello ten aberta para este tipo de cousas.

* Da Sra. Balado Conde (do PS de G- PSOE) para expoñer que somos conscientes de que agora hai menos persoal pola falta do GRUMIR, e 3 euros non supón tanto por ter gratis a luz, a auga, a limpeza...; ademais é unha forma de contribuír a que todo poida estar máis ordenado.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer que na Comisión de Contas apoiámos esta ordenanza e consideramos que unha taxa de 3 euros é suficiente.

*Da Sra Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que lle parece un pouco contradictoria a postura do Sr. Orois Valiño cando, no tema do copago dos comedores escolares, que subscitou tanta polémica neste Pleno, estaba de acordo e agora vén co tema dos 3 euros.

- Que unha taxa de 3 euros non é excesiva nin abusiva, porque considera que o que fai turismo ten que pagalo.

Da Sra. Balado Conde (do PS de G-PSOE) para expresar que 3 euros non supoñen nada porque, se vas por aí, nos albergues privados non chega con eses 3 euros para durmir unha noite con calefacción, auga quente e limpeza.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que, cando defenderon o copago dos comedores escolares, defenderon o que creron e falábase de cobrar 1 euro a xente que gaña moito, e non pasa nada; pero se se considera que a taxa de 3 euros é baixa pode propoñer o equipo de goberno que sexa máis alta.

- Que pensa que, cando veñen excursións de repaces facendo o Camiño, entre comer e outros gastos, eles suficiente con pagar unha taxa de 3 euros.

*Do alcalde para indicar que estámonos desviando do tema, porque a ordenanza non leva suba ningunha.

*Da Sra Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que facer turismo, ou o Camiño de Santiago, non deixa de ser algo polo que se pode optar facer ou non; non é como cando un ten que comer necesariamente todos os días ou ir ao colexio, que é unha necesidade intrínseca.

- Que non se pretende poñer esa taxa como un negocio, pero polo menos que cubra gastos, e parécelle que o importe previsto é razoable e non abusivo, porque se aprobamos unha taxa de 10 euros espantamos a todos.

* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que o que se trataba era de adaptar a ordenanza a práctica, aínda que iso non quite que mais adiante se mellore a ordenanza, pero agora o urxente era que se poideran pagar as taxas polo banco.

- Que os peregrinos nos pavillóns polideportivos teñen esterilla, limpeza, auga quente, luz e persoal para atendelos, e iso supón un gasto.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria a aprobación da citada ordenanza.

Adoptándose –por unanimidade dos once membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización de locais municipais en horario nocturno.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da referida ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Cuarto.- No anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente, no Boletín Oficial da Provincia, tanto o texto da referida ordenanza, así como a parte dispositiva do acordo de aprobación da mesma.

Entrando en vigor esta ordenanza cando se leve a cabo a publicación íntegra da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

E non habendo máis asuntos de que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 19.00 horas do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.

